

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións: A e B. Só se poderá contestar unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN A

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Con relación a un glaciar de montaña describe: circo glaciar, lingua glaciar e morenas.
- 1.2. Define diaxénese e os procesos dos que consta.
- 1.3. Describe polo menos 4 factores que inflúen na formación do solo.

2. Observa a figura inferior e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Asocia os números cos seguintes termos: astenosfera, falla transformante, fosa oceánica, dorsal oceánica, litosfera oceánica.
- 2.2. Describe os procesos de formación de magma na figura A.
- 2.3. Na figura B, indica a qué tipo de borde de placa corresponde e que procesos xeolóxicos se producen nesa zona.



3. Relaciona os seguintes minerais (números) cunha característica (letras) (1 punto).

- 1) Diamante. 2) Halita. 3) Casiterita. 4) Seixo. 5) Olivino. 6) Calcita. 7) Biotita. 8) Cinabrio. 9) Calcopirita. 10) Hematites (olixisto).

- A) Exfoliación perfecta en láminas. B) Dureza 10. C) Soluble en auga. D) Efervescencia con clorhídrico. E) Mena de mercurio. F) Cor verde. G) Mena de cobre. H) Industria do ferro. I) Fibra de vidro. K) Mena de estaño.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Batolito–Charnela–Delta–Sinclinal.

5. Completa (no caderno de exame) cunha palabra cada unha das seguintes frases (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. O diamante e o _____ son minerais polimorfos do carbono.
- 5.2. A _____ é a resistencia que opoñen os minerais a ser raiados.
- 5.3. A intensidade dun sismo represéntase por medio da escala de _____, elaborada en función dos danos orixinados.
- 5.4. O equivalente volcánico do _____ é o basalto.
- 5.5. No metamorfismo de contacto o factor físico máis importante é a _____.

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións: A e B. Só se poderá contestar unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN B

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas coa tectónica de placas (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Explica en qué consiste a teoría da deriva continental.
- 1.2. Define *punto quente*.
- 1.3. Explica as diferenzas entre un oróxeno andino e un oróxeno alpino.

2. Observa a figura inferior e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Indica os tipos de contactos entre 3 e 4, 1 e 3, 1 e 2; indica entre que materiais podería aparecer unha aureola de contacto, razoando a resposta.
- 2.2. Nomea e ordena cronoloxicamente, do máis antigo a máis moderno, os acontecementos xeolóxicos.
- 2.3. Se no material 3 aparecen fósiles de *Orbitolina* (foraminífero), indica se se trata dun material de orixe continental ou mariño, en que Era se depositou e que oroxenia é a responsable da deformación posterior observada.



- 1.- Conglomerados e areas con restos de *Elephas primigenius*. 2.- Lousas con *Goniatites*.
3.- Margas con *Orbitolinas*. 4.- Basaltos

3. Emparella (no caderno de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto)

- 1) Batolito. 2) Ecloxita. 3) Dique. 4) Estratificación cruzada. 5) Lapilli. 6) Sill. 7) Lavas almofadadas. 8) Rizaduras. 9) Lousa. 10) Duna.
A) Grao metamórfico baixo. B) Intrusión concordante. C) Estrutura sedimentaria. D) Piroclasto. E) Intrusión discordante. F) Erupción submarina. G) Grao metamórfico alto.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Solo – Epicentro – Lava – Cretácico.

5. Completa (no caderno de exame) cunha palabra cada unha das seguintes frases (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. O metamorfismo no que se producen cambios químicos denomínase _____.
- 5.2. Os magmas ácidos ou félsicos teñen unha porcentaxe _____ de sílice.
- 5.3. SiO_2 é a fórmula do mineral _____.
- 5.4. Cando os minerais dunha rocha metamórfica presentan unha orientación planar dise que teñen _____.
- 5.5. A magnitude dun sismo represéntase por medio da escala de _____, elaborada en función da enerxía liberada.

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións: A e B. Só se poderá contestar unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN A

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas coas deformacións das rochas (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Explica os tipos de deformación elástica, plástica e rixida.
- 1.2. Explica como se diferencia un anticlinal dun sinclinal, e unha falla dunha diaclasa.
- 1.3. Define buzamento e dirección en relación a un prego.

2. Observa a figura inferior e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Asocia as letras maiúsculas (da A ao E) aos seguintes termos: falla transformante, codia oceánica, fosa oceánica, dorsal oceánica, litosfera oceánica.
- 2.2. Indica que procesos xeolóxicos se producen na zona 1.
- 2.3. Describe como se forma un arco de illas como o que aparece sinalado co número 2.



3. Relaciona as seguintes rochas sedimentarias (números) co seu subgrupo (letras). Unha letra pode corresponder a máis dun número (1 punto).

- 1) Turba. 2) Arxilita. 3) Lignito. 4) Brecha. 5) Calcaria. 6) Dolomía. 7) Xeso. 8) Pudinga. 9) Limolita. 10) Arenita.
- A) Detrítica. B) Carbonatada. C) Evaporítica. D) Organóxena.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Falla – Facie metamórfica - Reptación – Morena

5. Completa cunha palabra cada unha das seguintes frases (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. A materia _____ é aquela que, en estado sólido, presenta unha disposición ordenada dos átomos ou ións que a forman.
- 5.2. O diamante e o grafito son minerais _____ do carbono.
- 5.3. Nunha rocha sometida a _____ pódense producir transformacións na composición mineralóxica, na textura ou na estrutura.
- 5.4. A enerxía interna do planeta é a responsable dos movementos de _____ no interior da Terra.
- 5.5. Os magmas _____, cunha baixa porcentaxe de sílice, dan lugar a lavas fluídas, orixinando erupcións efusivas.

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións: A e B. Só se poderá contestar unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN B

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas coa tectónica de placas (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Explica en que consiste a teoría da deriva continental.
- 1.2. Define placa litosférica.
- 1.3. Explica en que consiste o plano de Benioff.

2. Observa a figura inferior e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Indica os tipos de contactos entre B e C, G e C, E e D; indica o tipo de falla, razoando a resposta (1 punto)
- 2.2. Nomea e ordena cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os acontecementos xeolóxicos (1 punto)
- 2.3. Se no material A aparecen fósiles de Belemnites, indica se se trata dun material de orixe continental ou mariño, en que Era se depositou e que oroxenia é a responsable da deformación posterior observada.



3. Emparella (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto)

- 1) Lousa. 2) Limolita. 3) Gabro. 4) Arenita. 5) Dolomía. 6) Granito. 7) Basalto. 8) Anfibolita. 9) Andesita. 10) Turba.
- A) Magmática (ou ígnea) plutónica, B) Magmática (ou ígnea) volcánica, C) Metamórfica, D) Sedimentaria.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Mineral – Hipocentro – Magma – Xurásico.

5. Completa cunha palabra cada unha das seguintes frases (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. Unha propiedade física característica das micas é a _____ perfecta en láminas.
- 5.2. A _____ é a resistencia que opoñen os minerais a ser raiados.
- 5.3. PbS é a fórmula do mineral _____.
- 5.4. As calizas sometidas a metamorfismo transfórmanse en _____.
- 5.5. A magnitude dun sismo represéntase por medio da escala de _____, elaborada en función da enerxía liberada.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOLOXÍA
(Cód. 25)

OPCIÓN A

1. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

- 1.1. Máx. 1 pto. Definición correcta de circo glaciar: 0,33 pts.; de lingua glaciar: 0,33 pts.; de morrena: 0,34 pts.
- 1.2. Máx. 1 pto. Definición correcta do termo "diaxénese": 0,25 pts.; explicación dos procesos dos que consta: 0,75 pts. se se describen correctamente polo menos 3 procesos.
- 1.3. Máx. 1 pto.: 0,25 pts. por identificación e descrición correcta de cada factor de formación do solo.

2. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

2. 1. Máx. 1 pto.: 0,20 puntos por asociar correctamente cada termo co número correspondente; astenosfera-2; falla transformante-5; fosa oceánica-4; dorsal oceánica-1; litosfera oceánica-3.
2. 2. Máx. 1 pto.: 0,75 pts. pola descrición correcta das causas principais de formación de magma no bordo construtivo; 0,25 pts. pola descrición do tipo de magma que se forma.
2. 3. Máx. 1 pto.: valorarase con 0,30 pts. a identificación correcta do tipo de bordo e con 0,70 pts. a descrición correcta dos procesos xeolóxicos que se producen nesa zona.

3. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,1 pts. por cada emparellamento correcto).

1-B, 2-C, 3-K, 4-I, 5-F, 6-D, 7-A, 8-E, 9-G, 10-H.

4. A resposta correcta valorarase cun máximo de 2 puntos (0,5 pts./definición completa).

5. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,2 pts./frase correctamente completada).

OPCIÓN B

1. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

- 1.1. Máx. 1 pto.: 0,50 pts. pola descrición da hipótese da deriva continental e 0,5 pts. pola exposición correcta de cando menos dúas probas da deriva.
- 1.2. Máx. 1 pto.: pola descrición correcta de punto quente.
1. 3. Máx. 1 pto.: 0,5 pts. pola descrición correcta da diferenza no tipo de placas que coliden en cada oróxeno; 0,5 pts. pola explicación correcta de polo menos dúas diferenzas nos procesos xeolóxicos asociados: deformacións da litosfera, magmatismo ou sismicidade, de ser o caso.

2. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

- 2.1. Máx. 1 pto.: 0,25 pts. por contacto correctamente identificado; 0,25 pola xustificación correcta da posible localización da auréola de contacto.
- 2.2. Máx. 1 pto.: 1 pto. se a orde cronolóxica é totalmente correcta; 0,75 se hai un erro; 0,25 se hai dous erros; 0 se hai máis de dous erros no ordenamento; réstase 0,15 no caso da omisión dun episodio de erosión e 0,30 pola omisión dos dous episodios de erosión.
- 2.3. Máx. 1 pto.: 0,40 pola identificación da orixe mariña das margas con Orbitolinas (foraminíferos); 0,20 pola identificación correcta da Era na que se depositou; 0,4 pola identificación da oroxenia que ocasionou a deformación posterior observada.

3. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,1 punto por cada emparellamento correcto).

1-E, 2-G, 3-E, 4-C, 5-D, 6-B, 7-F, 8-C, 9-A, 10-C.

4. A resposta correcta valorarase cun máximo de 2 puntos (0,5 puntos/definición correcta).

5. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,2 puntos/frase correctamente completada).

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOLOXÍA
(Cód. 25)

OPCIÓN A

1. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

1.1. Máx. 1 pto: valorarase con 0,33 ptos pola explicación correcta de deformación elástica; 0,33 ptos, a explicación da deformación plástica; 0,34 ptos, da deformación ou comportamento ríxido.

1.2. Máx. 1 pto: 0,50 ptos pola explicación correcta da diferenza entre anticlinal e sinclinal; 0,50 ptos pola explicación correcta da diferenza entre falla e diaclasa.

1.3. Máx. 1 pto: 0,50 ptos pola definición correcta de buzamento e 0,50 ptos pola definición correcta de dirección, ambos en relación a un prego.

2. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

2. 1. Máx. 1 pto: 0, 20 puntos por asociar correctamente cada termo co número correspondente: falla transformante-A; codia oceánica- D; fosa oceánica – E; dorsal oceánica – B; litosfera oceánica – C.

2. 2. Máx. 1 pto: 0,20 ptos. pola descrición correcta da xénese de litosfera oceánica nese bordo diverxente e consecuente expansión do fondo oceánico; 0,20 ptos. pola descrición da morfoloxía da dorsal; 0,30 ptos. pola explicación da orixe e tipo de magma no bordo construtivo; 0,20 ptos. pola descrición correcta do tipo de rochas ígneas que se forman; 0,10 por outros procesos como vulcanismo, sismicidade de foco superficial e metamorfismo.

2. 3. Máx. 1 pto: valorarase cun máximo de 0,70 ptos a descrición correcta dos procesos que conducen á formación dun arco de illas; 0,30 ptos por indicar cando menos un exemplo de arco de illas.

3. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,1 ptos por cada emparellamento correcto).

1-D; 2-A; 3- D; 4- A; 5-B; 6-B; 7-C; 8-A; 9-A; 10-A.

4. A resposta correcta valorarase cun máximo de 2 puntos (0,5 ptos/definición completa).

5. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,2 ptos/frase correctamente completada).

5.1. Cristalina. 5.2. Polimorfos. 5.3. Metamorfismo. 5.4. Convección. 5.5. Básicos (acéptase máficos ou basálticos).

OPCIÓN B

1. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión):

1.1. Máx. 1 pto: 0,50 ptos pola descrición da teoría da deriva continental; 0,50 ptos pola exposición correcta de cando menos dúas probas da deriva.

1.2. Máx. 1 pto: 0,80 pola descrición correcta de placa litosférica (composición e extensión en profundidade); 0, 20 por mencionar os tipos de bordos de placa.

1. 3. Máx. 1 pto: pola descrición correcta do plano de Benioff en relación á ubicación dos focos dos sismos nun bordo converxente e a súa orixe na fricción de placas na subducción.

2. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión):

2.1. Máx. 1 pto: 0,25 ptos por contacto correctamente identificado (entre B e C: paraconformidade; entre G e C: inconformidade; entre E e D: discordancia angular con paleorrelevo (considerando que E está afectado polo pregamento). 0,25 ptos pola identificación correcta do tipo de falla (normal ou directa, debido a esforzos distensivos).

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOLOXÍA
(Cód. 25)

2.2. Máx. 1 pto. se a orde cronolóxica é totalmente correcta; 0,75 se hai un erro; 0,25 se hai dous erros; 0 se hai máis de dous erros no ordenamento. Réstase 0,15 pola omisión de cada episodio de erosión.

2.3. Máx. 1 pto: 0,33 pola identificación da orixe mariña do material A con Belemnites; 0,33 pola identificación correcta da Era Mesozoica na que se depositou; 0,34 pola identificación da oroxenia (Alpina) que ocasionou a deformación posterior observada.

3. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,1 punto por cada emparellamento correcto):

1-C, 2-D, 3-A, 4-D, 5-D, 6-A, 7-B, 8-C, 9-B, 10-D.

4. A resposta correcta valorarase cun máximo de 2 puntos (0,5 puntos/definición correcta)

5. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,2 puntos/frase correctamente completada)

5.1. Exfoliación. 5.2. Dureza. 5.3. Galena. 5.4. Mármores. 5.5. Richter.